

CULTURA.24.

O PAPEL ACTUAL DA CRÍTICA LITERARIA

Constantino Bértolo, editor

'A cultura, aquilo que non tiña prezo, desapareceu poro

Manuel Xestoso

Constantino Bértolo (Lugo, 1946), crítico e editor, vén de publicar un estudo –*La cena de los notables*, Editorial Periférica– sobre a función da crítica literaria na sociedade. A denuncia do proceso de rendición da literatura ao mercado, a reivindicación da lectura como un proceso complexo e político –que trata da *polis*– que permite “ler” a nosa existencia, ou a proposta dun crítico que cumpra o papel de *tribuno* que xulgue as obras literarias segundo contribúan ou non ao ben común da sociedade son só algúns dos temas que enchén as páxinas deste ensaio. Ao fondo, un concepto profundamente moral e cívico diso que aínda chamamos literatura, unha vindicación da lectura como algo máis que unha fonte de entretemento, como un exercicio de liberdade e responsabilidade. Un libro necesario nestes tempos en que todo é susceptible de ser comprado e vendido.

Unha idea fundamental do seu libro é a de que a tradición literaria, en canto fonte de autoridade, é un poder. E o poder político sempre ve con desconfianza a aparición doutro poder. Tradicionalmente, o poder político interviña no control do discurso literario a través da Academia, da Universidade... Pero, na actualidade, impónse a idea de que non existe autoridade literaria, de que o sentido do texto non existe, de que todo é interpretábel. É iso un salto cualitativo na loita do poder político por eliminar a crítica da que é obxecto por parte da creación cultural? Preténdese acabar co que coñecemos como cultura?

O que chamamos Cultura é unha construción da burguesía do século XVIII en combate co Absolutismo e as Igrexas. A Cultura, e dentro dela a Estética, era unha aduana para a salvagarda da liberdade burguesa –son libre para venderme–. Coa revolución francesa e o triunfo da burguesía a Cultura deveu nunha posesión de clase, unha distinción lexitimadora fronte á nova ameaza: o proletariado. É a Cultura como

capital simbólico restrinxido. Na fase actual do capitalismo que dá por subsumido no sistema o proletariado –Fukuyama e moitos máis–, a burguesía xa non precisa a Cultura nin como lexitimación nin como distinción nin como forma de dominio, pois abóndalle coa universalización da súa ideoloxía constituínte: a lóxica do beneficio. A Cultura é xa o Mercado. Por iso digo que estamos asistindo ao Século de Ouro da burguesía: o valor mercantil impónse como único e global. Por iso a cultura dominante actual xa non precisa da lexitimación humanista ou elitista. O único poder é o económico. A Cultura, aquilo que non tiña prezo, desapareceu porque o que non ten prezo non existe. Evidentemente, segue habendo mercadorías que se venden como culturais, pero como meros produtos que perderon a súa condición de inestimábeis. A crítica, que para existir necesita algunha instancia fóra do xogo hexemónico, ten moi difícil pervivencia. Ao poder chégalle con controlar o mercado e cede a este as tarefas de control e xestión do discurso público.

Como se relaciona isto coa ideoloxía *neoon* que difunde a idea de que os relatos que explican a sociedade morreron?

Non creo que esa ideoloxía sobre a morte dos grandes relatos sexa exclusiva do *neoon* porque tamén forma parte do *aggiornamento* das socialdemocracias. E non é estraño porque o propio do relato é a busca de sentido, o cal incorpora necesariamente unha denuncia sobre a falta de sentido na realidade. Para esas ideoloxías, a busca de sentido non ten, paradoxalmente, sentido, porque o mercado ofrece toda a gama de sentidos que se queiran. Só se necesita compralos. En realidade, o único sentido real reside no acto de comprar xa que é o único que pon en contacto o persoal con ese inmenso hipermercado que encarna hoxe o universal, algo que na tradición humanista se reservaba para o acto de ler. O curioso é que a desaparición da necesidade de atopar un sentido vívese e comunícase como unha

”

Airresponsábel poética posmoderna do ‘quero ser seducido’ –é dicir, ‘quero ser enganado’– é un piar da literatura contemporánea”

”

A autoridade do crítico emana da sociedade sempre que a sociedade sexa democrática”

”

Se a crítica literaria acepta verse reducida ao campo “estrictamente literario”, impórsele aquel que máis capital teña á súa disposición”

”

En Galiza, que o parámetro nacionalista teña capacidade de intervención facilita que o político apareza nalgunhas publicacións”

liberación: por fin nos liberamos do gran relato... vivan as narracións! Opoñen así a trama que entretén á argumentación. Argumentar converteuse en algo sospeitoso, dogmático, carente de *glamour*. Falar hoxe de sentido é condenarse a recibir unha condencedente palmadiña no ombreiro.

Curiosamente, foi nos Estados Unidos onde a polémica sobre o papel da crítica se deu con maior amplitude a causa da desaparición de prestixiosos suplementos literarios. Ali, moitos conservadores asumen sen rubor o anti-intelectualismo e acusan de “elitismo” aos seus contrarios.

Como debe reaccionar a crítica progresista ante estes ataques?

Ante a irrupción do elefante mercantil na sagrada cacharreira da Cultura burguesa, a tentación progresista consiste en tentar salvar a vaixela denunciando a torpeza e volume das patas do elefante. Caneiro *versus* Jaureguizar por poñer un exemplo expresivo. O malo é que o elefante non pode deixar de selo e é unha trampa socialdemócrata querer distinguir entre un elefante impaciente e outro domesticado. A crítica progresista debe partir desta realidade e defender un espazo social e cultural no que non haxa lugar nin para a xungla nin para o altar dos sacerdotes.

O crítico debe opoñerse a hexemonía do mercado, cuestionar ese poder, e vostede propón unha estratexia “necesariamente política”. Como se constrúe esa estratexia?

Do dito dedúcese que debe estar encamiñada á construción dun espazo sen xungla nin altares e iso reborda con moito a capacidade de intervención da crítica literaria. Isto non quere dicir que a súa función sexa inútil dado que, ao actuar sobre a semántica da sociedade, ten a oportunidade de coadruar a ese cambio denunciando os contrabandos ideolóxicos das narracións hexemónicas ou apoiando os “relatos” que acheguen a posibilidade de transformar o imaxinario colectivo. As tácticas virán determinadas pola correlación de forzas culturais presentes en cada momento. Cabe así facer o que fixo recentemente Xurxo Borrás con respecto ao *best-seller* de Ruíz Zafón en *Revista das Letras* [suplemento do xornal *Galicia Hoxe*] ou propoñer unha mirada rigorosa sobre as poéticas actúantes como a que Oriana Méndez efectuou sobre *Fruto do teixo* de Xavier Cordal. En todo caso, o que o crítico literario precisa é non deixar de cuestionar o obxecto sobre o que levanta a súa identidade: a literatura. **Cre que a actual crise pode desarmar, polo menos até certo punto, os valores culturais procedentes da “ideoloxía do mercado”? Non é unha oportunidade para reconstruír unha idea**


máis progresista do que é a literatura e, por extensión, a cultura?

Non son moi optimista ao respecto porque esta crise se produce nunhas condicións de case total desarme ideolóxico e cultural do que eu entendo por progresismo. Isto explica que se nos venda como unha crise do capitalismo financeiro e non como a crise de sobreprodución propia do sistema, ou que se fale dunha refundación do capitalismo, como se este puidese eludir a súa propia lóxica. Pero é tamén indubidábel que se debilitou a “credibilidade” da súa proposta e isto, dende o punto de vista da literatura, podería ser aproveitado para pór en cuestión algúns dos puntos fortes da súa “poética”. Por exemplo, a sedución como recurso privilexiado de intermediación entre o texto e o lector. Non sería mal obxectivo tratar de trasladar o resorte económico do “déixese seducir por este alto tipo de interese” á súa correspondencia literaria: “a primeira obriga dun texto literario é seducir os lectores”. Airresponsábel poética posmoderna do ‘quero ser seducido’ –é dicir, ‘quero ser enganado’– é un piar da literatura contemporánea e non viría mal aproveitar para facer ver que a estratexia da sedución acaba sempre por pasar factura ao seducido. Talvez así non teriamos que padecer tantas historias parapoliciais cos seus correspondentes e tópicos detectives cínicos ao uso.

Unha das partes máis interesantes do libro é a que denuncia que o que se enxalza nas campañas de lectura son certos mecanismos alienantes (“crea novos mundos”, “permite viaxar a calquera lugar sen moverse da casa”...) que, contraditoriamente, se critican e son acusados de solipsistas cando se fala de medios audiovisuais ou “virtuais”. Non é iso un indicador de que a idea de lectura que se propaga é de puro entretemento? Como desmascarar esa estratexia?

Volvo ao tema da crise. Todos podemos lembrar os anuncios das entidades financeiras nas que nos prometían, se investiamos nos seus planes de xubilación, unha terceira idade “entre-

ceu porque, hoxe, o que non ten prezo non existe'



tida": viaxes, saúde, sexo, paz familiar. Mentres nos entretían con aqueles relatos, a seguridade social deteriorábase, as leis laborais permitían o despido de traballadores en baixa médica, o Inerser programaba viaxes de "sole viagra" e as literaturas normalizadas encargábanse de contarnos o misterio do manuscrito desaparecido no templo. Borrazás fala do karaoke ao disecionar a Ruíz Zafón. Se aplícase o mesmo escalpelo a autores como Paul Auster ou Vila Matas –que el cita– os resultados non serían moi diferentes. Quizais un karaoke máis "distinguido", pero con función semellante: ou como entretemento ou como autoaxuda.

Vostede cuestiona o fundamento individual da autoridade do crítico para subliñar que a verdadeira autoridade literaria emana da sociedade. Mais a imaxe romántica difundiu a idea dun sabio cuxo veredicto debe ser acatado, no canto de mostralo como unha voz autorizada pero coa que hai que dialogar. Como romper con esta imaxe "autoritaria"?

A autoridade do crítico emana da sociedade sempre que a sociedade sexa democrática en termos plenos, é dicir, igual capacidade de intervención na construción do ben común. Pero nas sociedades fracturadas, esta "igualdade de oportunidades" é inexistente. Na actualidade, a autoridade emana do económico por moito que necesite revestirse doutras lexitimidades: a tradición, a sabedoría. Hoxe, a autoridade do crítico procede do capital do medio de comunicación no que se insire. Para cuestionar a súa autoridade habería que discutir a autoridade do capital. Aínda que me vaia meter en leas, voume referir ao caso Steiner-Juan Cruz. Cando se produce a agresión verbal de Steiner á literatura galega, exprésanse distintas reaccións que podemos resumir en: Steiner é un crítico ignorante, Juan Cruz é un irresponsábel e –seica a que máis calou– non nos sabemos vender. Só algunhas voces illadas situaron a cuestión no espazo do político e detectaron que a

entrevista estaba inmersa na polémica sobre a cuestión –política– das linguas. Igual que é unha determinada política a que lles concedeu autoridade a Steiner e a Juan Cruz, só desde outra política se entenderá o que está dicindo esa entrevista. Só entón se poderá captar que é a aparición do tema da violencia armada, que saca a colación Steiner ao falar do éuscaro, a que orienta a súa "sabedoría" e a que "obriga" a Juan Cruz a non seguir por ese *inconveniente* carreiro. Noutras palabras, se a crítica literaria acepta verse reducida ao campo "estrictamente literario", a posta en solfa da autoridade do crítico devirá inevitablemente nun diálogo de cegos no que se imporá aquel que máis capital teña á súa disposición. Visto así, non me estraña que ao final todo quedase nunha petición económica: a creación dunha Cámara Galega de Comercio Exterior Literario. A lingua como *marketing*.

Como ve o panorama da crítica no Estado español e, concretamente, en Galiza?

Para que poida lerse ben a resposta cómpre aclarar que eu traballo nunha editorial e non teño ganas de me suicidar laboralmente. Dito isto, engadiría que pechei o libro co capítulo titulado *A morte do crítico* onde tento argumentar –apoiándome no chamado "caso Echevarría"– a dificultade dunha crítica que procure ir alén do xogo entre o elitismo apocalíptico e a integración mercantil. No chamado sistema literario español a crítica inclínase aceleradamente cara á pura publicidade, onde o elemento clave xa non é o xuízo senón a selección e o tratamento gráfico e ambos parecen estar determinados polo propio *marketing* editorial. En Galiza –e coas reservas de quen non posúe todas as claves– creo que a situación xeral é parecida, aínda que o feito de que o parámetro nacionalista teña capacidade de intervención facilita que o político apareza en publicacións como *A trabe de ouro*, *Cartafol*, *Tempos novos* ou *A Nosa Terra*. Tamén destaca o papel axitador e non meramente repetidor que a blogosfera literaria ten en Galiza. ●